


31 DE OUTUBRO 2024
O MERCADO · PONTEVEDRA

Calabacús CALACÚS

PROCESIÓN DAS ÁNIMAS

ACTIVIDADES

MÚSICA



Concello
de Pontevedra

ACTIVIDADES PREVIAS

26 de outubro
SÁBADO

OBRADOIRO DE PANTASMAS E DISFRACES DE ÁNIMAS

*Para a PROCESIÓN DAS ÁNIMAS do 31 de outubro

Nunha celebración tan especial como A NOITE DOS CALACÚS non poden faltar as ánimas cara ao purgatorio. Por iso vos propoñemos facer con nós un disfrace de pantasma para a noite do 31.

Nota: Aínda que a actividade conta con todo o material necesario para a súa realización (bolsas de plástico), tedes a opción de traer as vosas propias sabas ou teas brancas para a elaboración do disfrace.

Horarios das quendas: ás 17.00 h e ás 18.15 h

Participantes: familias con nenas e nenos a partir de 4 anos

N.º de prazas por quenda: 16

Espazo O GANAPÁN. O Mercado.

É necesaria inscrición previa en: oganapan@gmail.com

**Abrirase o prazo de inscrición o 23 de outubro ás 17.00 h*

27 de outubro
DOMINGO

VISITAS GUIADAS AO CEMITERIO DE SANTO AMARO POLO CORREO DO VENTO

12.00 h Cemiterio de Santo Amaro

“A Pontevedra do alén”.

Roteiro no cemiterio de Santo Amaro dirixido ao público INFANTIL E FAMILIAR para coñecer, de xeito divertido, misterios, aventuras e historias descoñecidas deste espazo senlleiro.

18.00 h Cemiterio de Santo Amaro

“A Pontevedra do alén”.

Roteiro lúdico no cemiterio de Santo Amaro dirixido ao público ADULTO, para coñecer in situ a historia senlleira do lugar e das persoas que descansan no camposanto pontevedrés.

Do 29 ao 31 de outubro

Antigamente en Galicia, na noite de Defuntos existía o costume de deixar anacos de pan na mesa para que comesen as ánimas. Esta tradición considérase que vén da crenza ancestral de que os defuntos levan consigo pan para axudarlles na viaxe ao alén. Sexa para axudar as ánimas ou para deleitar os vivos, queremos recuperar esta tradición senlleira da nosa cultura que está a piques de desaparecer. Anímate a probar a receita especial de **PAN DE ÁNIMAS** nos seguintes establecementos:

ACUÑA

- Rúa Andrés Muruais, 9
- Rúa Michelena, 32
- Rúa Benito Corbal, 1

AMÁSAME BAKERY LAB

- Rúa Castelao, 6
- Praza dos Maios, 6 (rúa Eduardo Pondal)

PUMPER

- Rúa Sagasta, 22
- Rúa Gutiérrez Mellado, 4

LANDÍN

- Rúa Frei Xoán de Navarrete, 11
- Rúa Michelena, 40

XEVE

- Rúa Peregrina, 22
- Rúa Benito Corbal, 38
- Rúa San Antoniño, 1
- Rúa Echegaray, 41
- Rúa Rosalía de Castro, 12

A DEVESA

- Rúa Marqués de Riestra, 38
- Rúa Loureiro Crespo, 4

SOLLA

- Rúa Michelena, 7

31 de outubro
XOVES

Obradoiros

PARA TODOS OS PÚBLICOS

O Mercado, de 16.30 h a 20.00 h

MÚSICA AMBIENTE E POSTOS DE COMIDA E BEBIDA

Obradoiro de COCIÑA DE DEFUNTOS

BISCOITO DE CABAZA

As cabazas son o froito por excelencia desta noite de ánimas, serven para facer farois cos que guiar os espíritos que volven do alén e tamén para elaborar saborosas sobremesas. Animádesvos cunha receita especial?

Horario: de 16.30 h a 17.30 h

Dirixido a nenas e nenos de 4 a 8 anos

N.º de prazas: 15

Espazo: O GANAPÁN

É necesaria inscrición previa en: oganapan@gmail.com

**Abrirase o prazo de inscrición o 27 de outubro ás 17.00 h*

Obradoiros de COLARES DE ZONCHOS

Zoncho é a palabra galega que nomea as castañas cocidas. Neste obradoiro non as imos papar, pero prepararemos uns colares moi especiais, seguindo unha tradición galega única que queremos recuperar. Xa o dicía a nosa Rosalía: *Has de cantar, que che hei de dar zonchos; has de cantar, que che hei de dar moitos...*

Horario: de 17.45 h a 18.45 h e de 19.00 h a 20.00 h

Dirixido a crianzas de máis de 6 anos acompañadas dunha persoa adulta

(máximo dunha persoa adulta por cada "peque").

N.º de prazas: 16

Espazo: O GANAPÁN

É necesaria inscrición previa en: oganapan@gmail.com

**Abrirase o prazo de inscrición o 27 de outubro ás 17.00 h*

Postos de MAQUILLAXE para a PROCESIÓN DAS ÁNIMAS

O *outfit* ideal de defuntos require dunha maquillaxe acaída. Por iso ofrecemos dous recantos onde pintar a cara como corresponde á vestimenta da PROCESIÓN DAS ÁNIMAS, un desfile abraiante para a noite máis tenebrosa do ano.

Horario: de 16.30 h a 19.00 h

Espazo: Antiga LONXA, primeiro andar. O Mercado.

Dirixido a todos os públicos (a rapazada deberá estar acompañada sempre dunha persoa adulta).

Sen inscrición previa. Por orde de chegada.

Obradoiro de PANTASMAS E DISFRACES DE ÁNIMAS

***Para a PROCESIÓN DAS ÁNIMAS do 31 de outubro**

Nunha celebración tan especial como A NOITE DOS CALACÚS non poden faltar as ánimas cara ao purgatorio. Por iso vos propoñemos facer con nós un disfraz de pantasma para a noite do 31.

Nota: Aínda que a actividade conta con material necesario para a súa realización (bolsas de plástico), tedes a opción de traer as vosas propias sabas ou teas brancas para a elaboración do disfraz.

Horarios das quendas: ás 16.30 h, ás 17.45 h e ás 19.00 h

Participantes: familias con nenas e nenos a partir de 4 anos

N.º de prazas por quenda: 16

Espazo CREA do GANAPÁN. O Mercado.

É necesaria inscrición previa en: oganapan@gmail.com

**Abrirase o prazo de inscrición o 27 de outubro ás 17.00 h*

Obradoiro de TALLADO DE CALACÚS

Se aínda non tedes preparado un calacú, estades a tempo de tallar a vosa propia cabaza con nós! Será perfecta para alumear na noite e acompañar as ánimas. Seguro que tedes ideas ben orixinais e terrorificamente creativas!

Obradoiro: Ventos

Horario: de 16.30 h a 20.00 h

Dirixido a todos os públicos

Sen inscrición previa. Por orde de chegada.

CONTOS DE MEDO E ARREPÍOS

V DE MINÚSCULAS

“Contos do candil”

Achegádevos a escoitar contos de pantasmas, de esqueletos e da Compañía, poderedes voar coas curuxas e rodar dentro dunha cabaza nesta Noite dos Calacús! Contos contados e cantados para pasalo de medo en familia.

Horarios das contadas: ás 17.00 h, ás 18.00 h e ás 19.00 h

Dirixido a público familiar

Espazo: antigo BAR PRAZA. O Mercado

Sen inscrición previa. Por orde de chegada.

CONCERTO DE MÚSICA TERRORÍFICA

20.00 h

O Mercado

Banda de Música de Pontevedra

Procesión das Ánimas

21.00 h

**POLO CENTRO HISTÓRICO DE PONTEVEDRA
(SAÍDA DESDE O MERCADO)**

A morte e a vida unidas por un fío indivisible. Con “A Noite dos Calacús” apostamos por recuperar os ritos e tradicións galegas da noite de defuntos; buscar os nosos referentes, que os hai e moi ricos e variados, fronte á invasión de tradicións anglosaxoas que pouco teñen que ver coa nosa identidade. Unha delas é a Procesión das Ánimas, coñecida actualmente co nome cristianizado da Santa Compañía, que segundo as zonas era coñecida popularmente como Compañía, Estantiga, Enxamio, Estadea, Roldiña, Antaruxada... Unha procesión silandeira que auguraba a morte e que agochaba o perigo de facer que quen se cruzase con ela acabase encabezando o desfile de defuntos. Recuperamos, para o lecer e para arredar o medo a morrer, esta tradición ancestral percorrendo as rúas do centro histórico.

Animámosvos a participar, con sabas, camisóns, roupas brancas, disfraces de pantasma... e a decorar rúas e balcóns, fiestras e portas, tendas e escaparates coa temática das nosas tradicións: cabazas, candeas, castañas, mortos, pantasmas, defuntos, ánimas, teas de arañas, esqueletos, corvos, curuxas, mouchos...

Do Mercado á Ferraría, pola rúa Real, praza de Curros Enríquez e Soportais.

Da Ferraría ao Mercado, pola rúa Conde de San Román, praza da Verdura e rúas Padre Sarmiento e César Boente.

Coa participación da Aula Municipal de Teatro de Pontevedra. Música a cargo de Adarve.

*Para a procesión vaise reducir a iluminación das rúas polas que pasa e a música de ultratumba acompañará as ánimas.
TRAE A TÚA PROPIA CANDEA!

Festa A NOITE DOS CALACÚS

21.30 h - 00.00 h

Primeiro andar do Mercado
con Señora DJ

POSTOS DE COMIDA E BEBIDA

e despois...

Do
1 ao 3 de novembro

O MERCADO DE SAMAÍN

Primeiro andar do Mercado

Venres 1, de 11.00 h a 21.00 h


Sábado 2, de 10.00 h a 21.00 h

Domingo 3, de 11.00 h a 21.00 h

Alimentación. Artesanía. Xogos artesanais. *Photocall*.

Contacontos. Obradoiros infantís.

Recanto de xogos educativos e *Photocall* en horario ininterrompido.



**Concello
de Pontevedra**